

MEMORIA RESUMO DO PROXECTO “XORNADA GRANXA FAMILIAR. DA HORTA Á TÚA CASA CON SÓ UN CLICK EN INTERNET”

Con data 20 de outubro de 2010 a Secretaría Xeral De Modernización e Innovación Tecnolóxica ditou resolución de concesión á Asociación para o Desenvolvemento Agrícola Familia (ADAF), dunha subvención de 7.359,76 euros, ao abeiro da Resolución do 15 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e se procedeu á súa convocatoria para o ano 2010 (Procedemento administrativo PR521A)).

Actividade desenvolta: XORNADA GRANXA FAMILIAR. DA HORTA Á TÚA CASA CON SÓ UN CLICK EN INTERNET

Resumo da actividade: Produtores, técnicos e consumidores participaron nunha xornada informativa sobre comercio electrónico e agricultura ecolóxica. O encontro, denominado “GranxaFamiliar. Da horta á túa mesa cun só click en Internet. Alimentos tradicionais e comercio electrónico” celebrouse, o día 19 de novembro de 2010, no Auditorio do Centro Sociocultural do Ensanche.

Destinada a produtores/as, técnicos/as e consumidores/as, tivo como obxectivos impulsar o desenvolvemento socioeconómico e difundir a utilización das Novas Tecnoloxías da Comunicación e da Información no medio rural galego, co obxecto de mellorar a calidade de vida, e por en valor a cultura rural.

Organizada pola Asociación para o Desenvolvemento da Agricultura Familiar de Galicia, contou coa colaboración da concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo; de Turismo de Santiago; de ADTERRA (Asociación para o Desenvolvemento dos Territorios polos Actores Locais); da USC e do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica.

GranxaFamiliar. Da horta á túa mesa cun só click en Internet. Alimentos Tradicionais e Comercio Electrónico foi gratuíta e aberta ao público. A xornada, cofinanciada polo Fondo Social Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o Plan Avanza, centrouse no comercio electrónico e nos produtos agrarios tradicionais, tratando de establecer canles de comunicación directa entre o medio rural e urbano, e de promover a difusión das TICs como ferramentas de intervención fronte ó fenómeno de exclusión socio-territorial coñecido como fenda dixital ou diferenzas no acceso ás novas tecnoloxías. A través desta iniciativa preténdese impulsar o desenvolvemento das capacidades de innovación

no medio rural galego, revalorizar a cultura rural partindo do uso das novas tecnoloxías, e axudar a incrementar as rendas familiares no rural galego.

O encontro baseouse nunha primeira exposición de especialistas, amosando casos de éxito para un debate de oportunidades e desafíos do medio rural galego e as súas implicacións nas canles de distribución e de consumo urbano. Mostráronse experiencias doutros territorios, como Cataluña, Irlanda e Italia, e analizouse a visión das asociacións de consumidores, as tendencias de consumo en Santiago de Compostela e as formas de comercio alternativo a través de internet; para dar paso, a continuación, a un debate sobre a viabilidade e oportunidade de novos modelos de desenvolvemento sostibles, saudables, respectuosos co medio ambiente e comprometidos socialmente para Galicia, nun contexto de difusión das TIC e implantación da Sociedade do Coñecemento. Este debate, aberto ao público asistente, deu paso a unha mesa redonda sobre o futuro da agricultura familiar e as posibilidades do comercio electrónico.

Programa:

O desenvolvemento do programa de actividades extendeuse segundo se indica a continuación:

Xoves, 18 de novembro de 2010,

Rexistro e recepción dos relatores convidados na residencia “Monte da Condesa”.

19:00 h. Recepción de Benvida.

20.15 h. Cea de benvida e confraternización no restaurante universitario Monte da Condesa.

Venres, 19 de novembro de 2010

09:00 - 09:00 h. Recepción

09:30 – 09:45 h. Conferencia “Experiencias de comercialización de produtos agrarios tradicionais a través de internet en Cataluña. O papel das asociacións de consumidores” por D. Enric Senabre Hidalgo, coordinador técnico do Observatorio pola Cibersociedade e coordinador de proxectos de CitiLab-Cornellà e membro fundador da cooperativa de consumo VerdNeda mejor. (15´)

09:45 – 10:00 h. Conferencia “The Digital revolution in Ireland: Perspectives from Rural Ireland” (“A revolución dixital en Irlanda. Perspectivas do medio rural en Irlanda”), por D. Patrick O’Flanagan, catedrático de Xeografía e exdirector do Department of Geography da University College Cork, Irlanda. (15´)

10:00 - 10:15 h. Conferencia “Expansión do modelo GranxaFamiliar: a súa aplicación no Sur de Italia” por Isidoro Leotta, Enxeñeiro de Telecomunicacións. Coordinador proxecto Granxafamiliar-Italia. (15’)

10:15 - 10:30 h. Conferencia “A experiencia do mercado de Lusco e Fusco en Santiago. Visión dende as asociacións de consumidores responsables” por D. AfonsoTouceda da asociación Lentura. (15’)

10:30 – 10:45 h. Conferencia “ Tendencias de consumo en Santiago de Compostela” por Dona Carne Casado Casado, responsable de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela. (15’)

10:45 – 11:00 h. Conferencia “ O proceso de conformación de GranxaFamiliar e as formas de comercio alternativo a través de Internet” por D. Carlos Ferrás Sexto, director do proxecto GranxaFamiliar e profesor da Universidade de Santiago de Compostela. (15’)

11:00 - 11:30 h. Debate e rolda de preguntas.

11:30 -12:00 h. Pausa para tomar café/infusión.

12:00 – 14:00 h. Mesa Redonda : “O futuro da agricultura familiar e as posibilidades do comercio electrónico”. Formaron parta desta mesa redonda D. Enric Senabre Hidalgo, coordinador técnico do Observatorio pola Cibersociedad e coordinador de proxectos de CitiLab-Cornellà e membro fundador da cooperativa de consumo VerdNeda mejor; D. Patrick O’Flanagan, catedrático de Xeografía e exdirector do Department of Geography da University College Cork, Irlanda; D. Isidoro Leotta, coordinador proxecto Granxafamiliar-Italia; D. AfonsoTouceda da asociación Lentura; Dona Carne Casado Casado, responsable de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela; D. Carlos Ferrás Sexto, director do proxecto GranxaFamiliar e profesor da Universidade de Santiago de Compostela

14:00 – 16:00 Comida de traballo, continuación das actividades de postas en común e busca de intereses comúns.

16:00 h. Clausura.

Para máis información, visitar a web <http://www.granxafamiliar.com/jornadas/>, onde se recolle a presentación da xornada, xunto co material audiovisual (vídeos, sons e fotografías), presentacións dos poñentes, material de difusión, notas de prensa, etc, recollido neste evento, dispoñible a calquera usuario de Internet.



Esta obra está baixo unha licenza Creative Commons.